

A AELG propón interpretar a historia das nosas letras desde a Xeración Nósotr@s nas IV Xornadas de Literatura e Ensino

Montse Dopico 17/10/2014

IV XORNADA DE LITERATURA E ENSINO

A XERACIÓN NÓS-OUTR@S

Santiago de Compostela
18 de outubro de 2014
Auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia

9:30 Conferencia: *É posíbel (ou necesario) construír outra historia da literatura galega?*
María Xesús Nogueira

10:15–11:30 Mesa I: *Imaxinarios narrativos para o século XXI*
Rosa Aneiros, Berta Dávila, Inma López Silva

12:00-14:00 Obradoiros I (simultáneos)
María Canosa, Leticia Costas, Estibaliz Espinosa

16:00 Obradoiros II (simultáneos)
María Canosa, Leticia Costas, Estibaliz Espinosa

María Canosa
Estratexias didácticas que axudan na aula a activar o potencial lector, mover a vontade propia do alumnado a ler e incluso escribir. Potenciarase o espírito crítico, tanto na literatura coma na vida, revisando os textos literarios existentes, a súa evolución e as carencias que aínda hoxe presentan, reforzando a mirada no xénero feminino.

Leticia Costas
Isto vai de escribir. De cuspir letras que reboten sobre un paraugas calquera, nun caos de sílabas e corcheas. Isto vai de música, de compoñer ata que Barber sinta envexa da nosa partitura. Isto vai de Nós-outras-todas. De referencias próximas e non tanto. De percorrelas a elas e atopar o noso punto de saída. E desde aí disparar ao ceo, e que ardan as nubes de evolución. Coa nosa tinta fabricaremos a chuvia.

Estibaliz Espinosa
«A radiación XX»: obradoiro que se centrará no río subterráneo das voces literarias femininas, dende as clásicas até as máis recentes -con atención tamén ao ámbito literario-científico ou á literatura dixital- e a súa emerxencia na construción dun discurso feminino nesas coordenadas.

18:00 Mesa II: *O pensamento escríbese con -As (o ensaio no século XXI)*
Rebeca Baceiredo, Montse Dopico e María Reimóndez

19:30-20:30 Lectura de conclusións e acto de clausura por **aldaolado** [música/poesía/humor]

Imaxe do cartaz da xornada

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, co apoio da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, leva ao Monte Gaiás a cuarta edición da Xornada de Literatura e Ensino. Será no Auditorio da Biblioteca de Galicia, a partir das 09.30 do vindeiro sábado. A entrada é libre agás nos Obradoiros I e II, segundo salienta a organización nunha nota de prensa.

As xornadas comezarán coa conferencia inaugural 'É posíbel (ou necesario) construír outra historia da literatura galega?', a cargo de María Xesús Nogueira, profesora da USC e crítica literaria, quen reflexionara sobre se é posíbel unha revisión da literatura galega desde un nós plural e alternativo, sobre se debemos reinterpretar a historia desde unha Xeración Nósotr@s, tratando de responder a preguntas como se poden achegar os feminismos unha visión menos unívoca dos nosos clásic@s.

A seguir as escritoras Rosa Aneiros, Berta Dávila e Inma López Silva participarán nunha mesa redonda titulada Imaxinarios narrativos para o século XXI, que tratara de responder as seguintes cuestións: Que significa ser narradoras contemporáneas no contexto da literatura galega? Como

conxugar o particular e o universal? O íntimo e o colectivo? De que temas interesa escribir? Con que fío invisible tecer as historias? A quen se dirixir ao soñar un relato? Sentímonos responsábeis da continuidade dunha tradición cultural que denominamos literatura galega? Ou buscar camiños á marxe dela? Sentirse parte dunha comunidade literaria que poderíamos definir como a Xeración Nosoutr@s, marcada pola conciencia de xénero? Ou, pola contra, preferir ser escritoras que se definen unicamente pola habelencia no seu oficio? Literatura como compromiso e/ou como entretemento? Literatura a secas ou literatura desde un posicionamento consciente?

Seguirán catro horas de obradoiros en simultáneo coas escritoras María Canosa, quen analizará o corpus literario reforzando a mirada desde o xénero feminino; Leticia Costas, que percorrerá referencias próximas e alleas para atopar o punto de partida; e Estíbaliz Espinosa, co obradoiro “A radiación XX”, centrado no río subterráneo das voces literarias femininas que propicia a construción dun discurso feminino nos tempos dixitais.

Ás 18.00 terá lugar a mesa redonda ‘O pensamento escíbese con –As (o ensaio no século XXI)’, con Rebeca Baceiredo, Montse Dopico e María Reimóndez, unha reflexión sobre a necesidade do ensaio como xénero literario que propicie o debate e o pensamento crítico no sistema de ensino; unha reflexión compartida sobre os campos de batalla (políticos, económicos, lingüísticos, institucionais...) onde se decide como pensar a nosa literatura contemporánea; un debate desde os feminismos, desde a conciencia do Outra (das Outr@s), para preguntarnos que literatura queremos construír entre tod@s e que valores poñemos en xogo cando interpretamos un texto literario que compartimos co alumnado.